



Concello de Mugardos

(A CORUÑA)

O presente documento foi aprobado por
Resolución da Alcaldía n.º 925/2019
de data 30.08.2019
Mugardos 30 AGO. 2019
O SECRETARIO ACCTAL

BASES XXIX CONCURSO DE PINTURA "BELLO PIÑEIRO"

O Concello de Mugardos convida a XXIX edición do CONCURSO DE PINTURA "BELLO PIÑEIRO" conforme as seguintes **BASES**:

1. PODERÁN PARTICIPAR todas aquelas persoas que o desexen e teñan como mínimo 18 anos no momento da inscrición. O participante que opte á categoría de mellor pintor/a local deberá estar empadroado no Concello de Mugardos (comprobarase de oficio).

Cada participante poderá presentar unha obra, que será única e orixinal, nunca copia doutra, realizada de forma libre sen intromisión alguna, nin poden ter sido presentada ou premiada con anterioridade noutro certame. De darse o caso o participante será descalificado.

TEMA: A NOSA TERRA paisaxe, contorna e tradición: pasado, presente e futuro

TÉCNICA: LIBRE

TAMAÑO MÁXIMO: 150 X 150 cm.

2. As OBRAS poderán estar enmarcadas ou non, acondicionadas para a súa exposición. Os traballos entregaránse extendidos e protexidos con papel e/ou cartón, non enrollados ni dobrados. As obras en papel deberán vir protexidas con cristal ou metacrilato. As obras presentadas poderán vir asinadas.

3. A PRESENTACIÓN das obras farase no Departamento de Cultura do Concello de Mugardos, avda. de Galicia núm. 45- baixo, 15620, Mugardos (A Coruña).

O prazo de admisión das obras será do 1 ó 18 de outubro, ambos inclusive, en horario de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

4. A INSCRICIÓN ó concurso é totalmente gratuíta e se deberán entregarse obrigatoriamente os seguintes documentos:

-FICHA DE INSCRICIÓN: Que poderá ser descargada no seguinte enlace web do Concello www.concellodemugardos.gal ou mediante a ficha de inscrición anexa a este documento.

Constará dos seguintes datos:

- PSEUDÓNIMO DO ARTISTA
- TÍTULO DA OBRA
- DATA DE EXECUCIÓN
- TÉCNICA
- MEDIDAS
- NOME COMPLETO DO AUTOR
- DIRECCIÓN
- IDADE
- TELÉFONO DE CONTACTO
- CORREO ELECTRÓNICO
- FOTOCOPIA DO DNI

Toda a documentación deberá presentarse nun sobre que posteriormente será pechado no momento da entrega, no exterior figurará a categoría á que se presenta. Non se aceptarán traballos despois da data indicada.



Concello de Mugardos

(A CORUÑA)

O presente documento foi aprobado por
Resolución da Alcaldía n.º 925/2019
de data 30 AGO. 2019
Mugardos 30 AGO. 2019
O SECRETARIO ACCTAL

Os participantes deberán asegurarse de proporcionar datos reais e verificables, sobre todo unha dirección e teléfono validos, xa que será a vía que empregará a organización para contactar co concursante para comunicarlle a súa condición de gañador/a de ser o caso.

5. Tódolos traballos serán recepcionados pola comisión organizadora e sometidos a avaliación por un **XURADO** imparcial e cualificado, que dará o seu veredicto final e inapelable a finais do mes de outubro.

No caso de que o número de obras presentadas sobrepase a capacidade da sala de exposicións o xurado fará una preselección das obras presentadas, que pasarán á fase de concurso e serán expostas, no Local Social de Maiores, garantindo así a calidade da exposición.

6. Os **PREMIOS** serán entregados ós concursantes, quenes acreditarán a súa identidade dacordo coa lei. Os premios poderán declararse desertos. Os concursantes adquiren o compromiso de acudir ó acto de entrega dos premios no caso de resultar premiada a súa obra. Habera un único premio de 1.800€, dous accésit que recibirán premio non metálico e un premio ó mellor pintor/a local de 400€.

Os premios aplicaráselle a retención fiscal que corresponda segundo a lexislación vixente nese momento.

7. O **CADRO PREMIADO** non será devolto ao seu autor/a, quedará no poder do Concello de Mugardos e pasará a formar parte do patrimonio cultural deste, podendo reproducilo e difundilo con enteira liberdade, podendo cederlle ao autor/a o uso e reprodución da obra. O Cadro premiado do/a pintor/a local sí será devolto ao autor/a.

8. A **INAUGURACIÓN** da exposición e a entrega de premios será o xoves 31 de outubro de 2019, ás 20.00 horas, no Local Social de Maiores; a exposición permanecerá aberta ó publico, a partir da súa inauguración, en horario de mércores a domingo de 17.30 a 21.00 horas.

9. O Concello porá todo o coidado posible no **TRATAMENTO** das obras presentadas. Non obstante, non se responsabilizará das perdas, danos ou extravíos debido a roubos, roturas ou desperfecto, causas de forza maior ou calquera outro acto ou causa alleos á súa vontade.

10. A **RETIRADA** das obras farase persoalmente polo autor/a ou persoa autorizada durante os dous meses seguintes á data de finalización da exposición. Pasado o prazo, enténdese que renuncia a calquera dereito sobre eles.

11. Ó feito de concursar supón a **ACEPTACIÓN** íntegra das presentes bases.

Mugardos, 2019